

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº87/ Año: 2024 / 1º xornal Mes de xuño/ Estado de Preverán

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Non é política, é discriminación. Xuventude, un ano máis, esquecese de Ons para Campos de Voluntariado. (Páx.1)



Presentación dun novo libro sobre as Illas Cíes no Centro de Interpretación do Parque en Vigo, escrito polo Guía do Parque Santiago Boado Aguinaga. Parabéns. (Páx. 2)

Varios membros de Pineiróns celebraron no Restaurante "Pirata" de Mendiña, un xantar de confraternidade. O lugar e a comida Excelente!!! (Pax.3)



O micólogo e cocineiro, Juan Castiñeiras, que polos ano 90 tamén andou por Ons, presentou na Festa do Viño Tinto de Barrantes un excelente *vinagre balsámico* de tinto de Poio. (Páx.3)



Despois do verán comezará a escavación científica do Castro de Cíes, que xa foi estudado a mediados do século XX por Pedro Díaz Álvarez. Foto: Antón Patiño (Pax. 5)



Faleceu Pedro Pagán (Pupas), fundador da Asociación *Acampaenons*, que loitou por un Cámping libre en Ons. (Páx. 4)



Por que non permitir a visita a Onza aos investigadores que o soliciten? (Pax. 5)



Celebrouse no Pazo de Santa Cruz unha voda moi Auniense. (Páx. 7)



Comentarios sobre as Actividades do Parque Nacional. Por que non trasladalas a Ons na época estival. (Páx. 6). Foto: Parque Nacional.



Para cando as Festas Patronais de Ons (Páx 7) organizadas por unha comisión de Veciños.

Por que a Dirección Xeral de Xuventude exclúe á Illa de Ons nos Campos de Voluntariado?

Neste minixornal intentamos evitar comentarios partidistas, a nivel político, pero, (Sempre hai un pero!!!), formas de actuación dos nosos políticos e funcionarios, digamos de elite, neste caso con respecto a Ons, obrigan a comentar ou criticar as súas actuacións, como neste caso.

O noso **Presidente da Xunta** safa á prensa dicindo, no que respecta ao goberno nacional: *“La Xunta avisa: No aceptará un reparto desigual de la financiación autonómica”*. *“Rueda subrayó: «Todos temos necesidades de financiamento»*.

Estamos de acordo en que Galicia non pode ser menos que as demais comunidades autónomas nacionais, e que o Presidente galego o pida, está ben, pero, **HAI QUE PREDICAR CO EXEMPLO**. E para iso só temos que mirar que a súa **Dirección Xeral de Xuventude**, leva uns cantos anos priorizando Cíes por enriba das demais illas do Parque, sobre todo de Ons, que é a única Illa do Parque habitada, permitindo que CÍES teñan un **CAMPO DE VOLUNTARIADO** dende hai anos e durante todo o verán, e Ons non, cando dende 1979 as dúas Illas tiñan un Campo de Traballo, que realizaba un labor encomiable a favor da veciñanza e, sobre todo, do Medio Ambiente auniense.

Dende este humilde minixornal, vimos reivindicando este **Campo de Voluntariado para Ons** dende o seu nacemento (hai 4 anos), e este servidor, dende que se lle deu á Xunta por quitarllo a Ons e deixarllo a Cíes. (*Que poder ten o Alcalde Caballero e que medo lle teñen na Xunta*), ou polo menos iso é o que comentan moitos dos nosos lectores.

Miren para 2024:

Illa	Concello	Provincia	Datas	Idades	Voluntarios
Illas Cíes I	Vigo	Pontevedra	01/07/2024 12/07/2024	18-30	20
Illas Cíes II	Vigo	Pontevedra	15/07/2024 26/07/2024	18-30	20 (*)
Illas Cíes III	Vigo	Pontevedra	01/08/2024 12/08/2024	18-30	20
Illas Cíes IV	Vigo	Pontevedra	17/08/2024 28/08/2024	18-30	20
Illas Cíes V	Vigo	Pontevedra	01/09/2024 12/09/2024	18-30	20

Engaden:

Este icónico campo de voluntariado medioambiental que se desenvolve no paraíso das Illas Cíes permitirá colaborar en labores de mantemento da illa, vixilancia de incendios, labores de información e sensibilización do visitante e intervencións puntuais de mellora no parque en colaboración cos traballadores do servizo de medio ambiente. Está previsto colaborar na limpeza da illa sur (única illa non comunicada por barco de viaxeiros), aínda que esta actividade depende do Parque Natural e non se poderá realizar en todas as quedas.


Considero esta postura da **Dirección X. de Xuventude** como unha **discriminación** e un **agravio** cara ás demais illas do Parque, repito, sobre todo de Ons, que foi pioneira na montaxe de Campos de Traballo onde os seus compoñentes, nos intres máis complicados dos incendios en Ons e, pola falla de preparación e, en moitas ocasións arriscando a súa vida, colaboraron moi activamente en sufocar eses lumes, a maioría de noite, e cun material ridículo e insuficiente, pero poñendo todas as súas ganas en realizalo; sen esquecer os do seu labor medio ambiental, reparación de camiños, fontes, lavadoiros,..., e un longo etc. de bo facer que redundou na Illa e nos seus veciños.

Que pena que **Parques, o Grupo de Goberno de Bueu e Oposición, a As. Veciñal**, non reparen neste desprezo que dende a Xunta fanlle á Illa de Ons, dándolle privilexios ás Cíes, só polo medo político que lle teñen a **Caballero**.

Un ano máis sen **Campo de Voluntariado en Ons**. Un ano máis sen que, dende o **concello de Bueu** loiten pola súa Illa. **Ollo!!!** Non quero que se lle quite a Cíes ese Campo, senón que tamén llo dean a Ons, pois igualmente necesítalo.

Sr. Presidente da Xunta, Directora Xeral de Xuventude Prediquen co Exemplo

Mozos do Campo de Traballo apagando un lume en Ons cuns medios que hoxe serían de xulgado de garda.



Zona de Acampada de Melide arrasada por un incendio nos anos 80.s.XX




Lume en Curro, a carón da casa do Sr. Benito.

LUMES E CAMPO DE TRABALLO EN ONS

Ons, nos anos 80 s. XX, sufriu unha vaga de incendios indescribible. Grazas ao traballo ímprobo dos mozos/as dos Campos de Traballo, estes lumes non provocaron graves problemas persoais e materiais.

Os medios dos que dispoñían, eran grotescos e exiguos, parecía máis que ían sulfatar que a apagar un incendio das dimensións que había en Ons, e os paus cunha pequena moqueta de goma, había só para os primeiros que chegaran, logo, as xestas facían de apaga lumes co deterioro ecolóxico que supoñía.

Pero, para o Conselleiro de Agricultura, daquela xestora da Illa, e hoxe Presidente dun cargo fantasma do Parque, non lle debía de parecer moito traballo o destes mozos, que decidiu que Ons non merecía un Campo de Traballo, e desapareceu; sen embargo, en Cíes continuou, co nome actual de Campo de Voluntariado.




Un asiduo de Ons, Eduardo, “*O Gardaxurado*”, pasoume esta foto que, segundo parece, gañou un concurso e que, á vez pasáronlle a el. Pregunteille polo autor para pedir permiso para poñela, pero non saben de quen é, polo que a poño só para que os lectores vexan a beleza da foto sobre a Praia de Area dos Cans, na Illa de Ons.

VAI DE LIBROS, SOBRE O PARQUE NACIONAL
Sigo coa teima de que o Parque Nacional, na súa sede de Vigo e nos Centros de Visitantes das diferentes illas que o compoñen, teñan unha **Biblioteca** dedicada a todas as peculiaridades do Parque en xeral e de cada illa en particular, non só con libros, senón traballos de todo tipo, vídeos, documentais, filmacións, hemeroteca, folletos, xogos, películas, mapas, ... e un longo etc.. tanto en papel como en formato dixital.

Esa **Biblioteca** debería posuír, a carón dun importante ficheiro para busca manual, unha sala con ordenadores para a busca e consulta dixital.

Esa **Biblioteca**, cun bo **animador cultural**, sería un incentivo para investigadores que atoparían na Illa, ao lado dun lugar natural de vacacións, tamén un punto de encontro para realizar traballos, reunións, eventos, xuntanzas,..., que quizais, durante o resto do ano, polos seus estudos ou responsabilidades laborais, non poden realizar, co que Ons, e as demais illas do Parque, converteríanse nun lugar de vacacións moi atraínte, pois disporían dun atractivo lugar de investigación podendo conxugar perfectamente praia, sol, diversión e estudo.



PRESENTACIÓN DO LIBRO DE SANTIAGO BOADO “*ÁLBUM HISTÓRICO DAS ILLAS CÍES*”

O luns 27 de maio, foi presentado na sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas en Vigo, o libro de Santiago Boado Aguinaga sobre as Illas Cíes. Boado di da súa obra que: “... *é un paseo visual polo devir dos tempos nesta xeografía privilexiada. Trátase dun percorrido de imaxes que comeza na Prehistoria ata desembocar no ano 2002 cando as Cíes intégrase no Parque Nacional*”.

Unha obra moi interesante que pasa a integrar ese mundo Histórico que teñen estas illas e que estivo totalmente abandonado en investigación. Só queda agradecer aos responsables do Parque estas actuacións que demostran que as súas illas teñen moito que ofrecer a nivel investigador nos campos histórico, arqueolóxico, etnográfico e social.

XANTAR DE CONFRATERNIDADE DALGÚNS MEMBROS DE PINEIRÓNS

(1/06/2024)

Aproveitando os días solleiros de comezos deste mes de xuño, varios membros de PineirÓns desprazáronse ata a ría de Aldán co fin de achegarse ata a praia de Menguíña e coñecer o **Restaurante “Pirata”** que, Manolito de Ons, con outros socios, dirixe nesta fermosa praia. Ao chegar ao peirao de Aldán, comprobamos que estaba fondeado na ría o iate de Amancio Ortega. Puxémonos en contacto con el para saudalo, e convidounos a comer no iate, cousa que declinamos, pois o noso interese estaba en coñecer o novo **“Pirata de Menguíña”**. Chegamos a Menguíña e tanto o Restaurante como a praia estaban, como dicían naquel famoso programa de televisión: **“abarrotá”**. Fomos recibidos por dous dos nosos camareiros/as de cabeceira no Pirata da Illa, Alejandra e Rubén e, xa dentro do local, saíu a recibirnos, Trini, a cociñeira, que nos aconsellou para un bo xantar. Degustamos unhas excelentes croquetas de xamón e de choco, logo uns calamares exquisitos, á altura dos mellores de Galicia que se atopan no Restaurante **“Nova Ponte”** de Noalla-Sanxenxo, e finalizamos cunha Fideuá de lagostinos e rape, todo boíiiiiisimo.

Foto: Trini a cociñeira, primeira pola esquerda, cos membros de PineirÓns.



MANOLITO E JOSECHO EN LONDÓN

Cando chegamos ao Pirata de Menguíña, comunicáronnos que Manolito atopábase en Londres, contratado por Florentino, para ser o nº 12 do equipo do Real Madrid para o final da Copa, como seguidor nº 1 e que, xunto co seu equipo de afeccionados, levarían ao Madrid ao triunfo; contando, loxicamente, coa Axuda Divina, da que se encarga (sen que se decate ninguén) o **“pacorro”** de Bueu-Beluso, Josecho, pola súa boa relación coa Divindade, que tamén puxo o seu gran de apoio.

JUAN CASTIÑEIRAS NA FESTA DO VIÑO DE BARRANTES

Si, o noso micólogo de cabeceira e bo cociñeiro, Juan Castiñeiras, presentou na Festa do Viño de Barrantes o seu **“Primeiro Vinagre balsámico”** dese excelente tinto, coa axuda de máis castes como caíño, espadeiro e americano. Tamén acompañado de especies botánicas como o sabugueiro e craterellus (de San Vicente de O Grove). Presentouno nun timbal de tomate, boletus edulis, tetilla e sardancha (*sardiña anchoada*) da ría, nada menos, que de Ons.

Tamén non faltou o Aove de Xaén e nébedas da ría.

Este vinagre, realizado grazas a uva de folla redonda, variedade coa que se elabora o tinto de Barrantes, xurde de cepas moi vellas que cultiva na súa finca de Poio.

A posta en escena foi todo un éxito, do que se encargou Manolo Cabada. O vinagre foi presentado en forma de redución, que o fai máis denso, facilitando a súa utilización nunha enorme variedade de pratos.



Juan Castiñeiras, co seu traxe típico de Cociñeiro Maior, en varios momentos da presentación do seu produto.

A asociación ACAMPAENONS está de loita: vén de falecer o seu Presidente Pedro Pagán Iglesias (Pupas)

O 4 de xuño, infórmanos do falecemento de Pedro Pagán, coñecido entre os seus amigos como **PUPAS**.

Se no mes de novembro de 2023, deixábanos un dos grandes de Camarey dos anos 80 s. XX, **Maracaibo**, agora, no mellor da súa vida e despois de pasar por un grave accidente e enfermidade, déixanos **Pupas**, campista de finais do século XX e principios do XXI, que viviu a desaparición do Cámping libre en Ons e loitou para que iso non ocorrera, creando a Asociación **ACAMPAENONS**, que durante máis de 10 anos reivindicou unha Zona de Acampada libre na Illa.



Fotos: Pupas e demais campistas de AcampaenOns, en varios momentos da súa reivindicación por unha Zona de Acampada Libre na Illa de Ons



ONS NA MEMORIA

Mediados dos anos 70 s.XX. A tripulación do <Cro>. Dende a esquerda: Manolo-O Terco, Manuel-Carrañáns, ¿, Francisco (Armador e Patrón), Antonio, Cesáreo e Méndez.

ARQUEOLOXÍA NO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS (CÍES)

É de agradecer a postura dos responsables do *Parque Nacional* que, despois de anos solicitándoo, a importantísima peculiaridade histórica e arqueolóxica das illas que o conforman, sexa tomada como unha necesidade indispensable de investigación técnica e profesional.

Sabemos que se está levando a cabo en Ons, dun xeito minucioso e xa dispón de Ruta e Sala Arqueolóxica na propia Illa. E tamén leváronse pequenas accións de comprobación nas demais illas do Parque, tocando agora a Cíes que, segundo parece comezará despois da etapa de verán.

Fernando Alonso Romero, cando se decatou desta boa nova, envioume un traballo, realizado a mediados dos s. XX, realizado por Pedro Díaz Álvarez, onde publica unha noticia sobre a primeira escavación, quizais non moi técnica pero si feita con vontade, coidado e moi produtiva, realizada no Castro de As Hortas, na illa norte das Cíes.

Comentoume que Pedro Díaz foi un pioneiro no estudo arqueolóxico nesta illa, ademais dun bo mestre e excelente persoa

Supoñemos que este traballo, ao igual que varios que se citan nel, o encargado de *Biblioteca* do Parque Nacional, xa os terá adquiridos, ou polo menos fotocopiados e dixitalizados, para a Biblioteca do Centro de Interpretación e, como debería ser o lóxico, estar ao servizo de todo aquel que queira investigar ou documentarse sobre o tema.

Quedamos á espera dos novos resultados en Ons, tamén confiamos en que a promesa do Director do Parque, feita xa o ano pasado, sobre unha charla expositiva do Arqueólogo Director das escavacións en Ons, Adolfo Fernández, sobre o Castro e a Salga no Centro de Visitantes de Ons, sexa unha realidade.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS. VISITAR ONZA

Despois da saída na Voz de Galicia dun pequeno artigo sobre Onza, decidín enviar aos lectores de Onstopus a noticia. Un dos investigadores máis importantes dos anos 70 sobre Ons, envía estas suxestións:

“Gracias por el envío de esa noticia sobre Onza. Es una lástima que no dejen explorarla. En las cercanías de ambas playas es muy probable que existan testimonios romanos. Frente a la playa sur de esa isla hay hundida una embarcación, quizás romana, pues en los años sesenta, cuando yo estaba empezando a estudiar las relaciones marítimas prehistóricas de Galicia, recuerdo que un pescador me contó que en sus redes habían recogido un ánfora cerca de esa playa y la devolvieron al mar. Espero que algún día se encuentre ese pecio pues, de momento, de esos tiempos en esta tierra solamente se han encontrado anclas.”

“Creo que lo que ahora interesa es conseguir que patrimonio permita realizar una exploración arqueológica de Onza, antes de que el paso del tiempo deteriore más los posibles restos que pueda haber, que son testimonio del paso del ser humano por esa isla, tan importante como el de las aves que en ella anidan o el de las plantas que en ella crecen. ¿A qué se espera para autorizar esa exploración? No sabemos si en el futuro se cambiará la normativa vigente, y entonces se correrá el riesgo de que en Onza se construya un rascacielos como el de la isla de Toraya, que en los años sesenta del siglo pasado destruyó un castro, además de restos romanos y de la tardoantigüedad... Fui testigo de ello”.

NOVO TOMO DE ONSTOPUS. Nº do 66 ao 84. Anos 2023 – 2024

Xa imos polo cuarto tomo de Onstopus, ese minixornal dixital que fala sobre temática que ten relación, case na súa totalidade, coa Illa de Ons e demais illas do Parque Nacional.

O que comezou sendo un entretemento durante a pandemia, paseniñamente e grazas á súa boa acollida polos numerosos lectores, xa vai polo cuarto tomo.

Nel intento explicar a realidade auniense, as veces con seriedade e outras con humor, e pretendo dar a coñecer moitas das singularidades que conforman este importante arquipélago e a súa riquísima Cultura Popular esquecida, por desgraza, pola administración e polos investigadores.

O máis importante é a información e a divulgación, sen pararme en parámetros da linguaxe, da literatura, nin en termos semánticos.

Moitas grazas pola vosa lectura, suxestións e axuda.

a) El altar druídico

(1957 - 1981)



Onstopus



MINIXORNAL DIXITAL SOBRE

A ILLA DE ONS



Marzo 2023 – Abril 2024

Números: 66 ao 84

Dende sempre e, supoño que pola miña teima de recompilación de datos sobre o arquipélago das Ons, recibo de lectores, amigos e persoas en xeral numerosa información. Un compañeiro envioume estes días dúas novas do Parque, saídas en Facebook, que considero interesante comentalas:

- Unha sobre un pequeno curso de Interpretación e Divulgación na Astronomía.
- E outra, sobre o Illote do Centulo e Enseada de Cova da Vella, con respecto á súa toponimia.

Coido que foi sobre o 2016, cando se abriu o Cánting de Ons, que dende a súa xerencia tiveron a boa idea de traer a uns expertos no mundo da astronomía e ofreceron como actividade o mirar nocturno de estrelas por medio de materiais como telescopios.

A idea tivo un enorme éxito, e esa experiencia comezou a ser un recurso turístico, ofrecendo barcos á noite para a observación astronómica. Máis tarde, e xa copiada a idea, déronlle un nome máis científico “Starlight”.

Aínda que a idea era boa e a actividade excelente para un Parque Nacional, houbo algún atranco nun principio, por parte da administración, para levala a cabo na Illa, aínda que o seu éxito provocou que outros a imitaran e, agora, sexa unha Actividade de Excelencia para o Parque Nacional.

Este Proxecto, que conta cunha boa cantidade de afeccionados e que tamén engancharía, como plan a desenvolver en Ons e nas demais illas do Parque, sería un obxectivo interesantísimo para que Parques o leve a cabo durante a época estival, **xunto con moitas outras actividades**, pero, (sempre hai un pero!!!), vemos que actividades tan atraentes como esta, só as programan para o Centro de Interpretación de Vigo e a realizar fora da época de verán.

Por que non se programan para Ons, con tempo e xunto a outras actividades, para que os futuros visitantes-turistas, fagan **un plan de vacacións** de días e a súa estadía na Illa, a carón da praia-sol-cañita e diversión, sexa tamén **ACTIVA** con **ACTIVIDADES** que teñan que ver coas **PECULIARIDADES** desta Illa (socio-histórico-arqueolóxico-etnográfico-naturais) e poidan programalas con tempo?

Iso provocaría que a **PROCLAMA** que o **Presidente da Xunta** fixo hai uns días en Sálvora, fose **verdadeiramente certa**:

“Buscamos un turismo que reivindique a nosa historia”.

Pois o único xeito de conseguilo é a través dun Turismo **ACTIVO**, cun **PROGRAMA feito con tempo e cun equipo multidisciplinar, presentado con meses de antelación para poder organizarse e reservar, e que sexa quen de atraer cara a Ons, e demais illas do Parque, a persoas (turistas) a pasalo ben descubrindo e traballando a prol do Parque e das súas illas.**

INTERPRETACIÓN E DIVULGACIÓN NA ASTRONOMÍA

Poñente: Jorge Calderón, Guía Starlight do P.N.M.T.I.A.G.

Parte Teórica: Sábado 15 de Xuño 10:00 Duración 3 Horas
Sede central do P.N.M.T.I.A.G. - r/ Olliva, nº 3 - 36201 Vigo

Parte Práctica: Faranse 2 grupos 22 e 29 de Xuño 22:00. Duración 3 horas
Lugar: Monte Galiñeiro (Vincios, Gondomar)

Información e inscrición en: <https://ilhasatlanticas.gal/asieste-un-dos-nosos-cursos>
Tfno: 886 218 100

Logo of XUNTA DE GALICIA



**ILLOTE DO CENTULO E ENSEADA DA COVA DA VELLA
REFERENCIA SOBRE A SÚA TOPONIMIA EN FACEBOOK**

Interesante as referencias toponímicas á zona do Centulo sacadas da Galicia Nomeada, da que xa falamos neste minixornal. Botándolle unha ollada por riba, vexo, no referente ao Illote do Centulo a falla, polo menos, de tres topónimos de interese e moi empregados polos aunienses, como son: As Lapeiras, o Rego das Dornas e o Gallado do Illote. Tamén moi interesante os comentarios con referencia ao topónimo de Centulo.

Levo xa moitos anos reivindicando estudos e investigación de tipo etnográfico sobre a Cultura Popular auniense. Tamén solicitando que, dende a administración (Parques, Xunta, Consellerías, Deputación, concello de Bueu,...) se programen e proxecten estas prácticas, incentivándoas por medio da convocatoria de Axudas, Premios,..., Contratacións ou Gratificacións, sobre todo económicas, que permitan sufragar os gastos e a dedicación que traen estas investigacións.

A toponimia é unha parte máis, importantísima, da Cultura da Illa de Ons. Coido que nestes intres conseguiuase que ese apartado estea bastante adiantado na súa recompilación de nomes, traballo realizado nos últimos 10 anos, aínda que algúns xa o estabamos traballando dende moitísimo antes. Agora que temos xa un importante traballo feito, habería que pasar a unha segunda parte, tan ou máis interesante que a anterior, onde, por especialistas, se lle busque o significado a cada topónimo, coa axuda, en imprescindible traballo de campo, polos aunienses de máis idade. Dende AUNIOS xa demos un primeiro paso cos artigos de Fernando Cabeza Quiles. Coido que habería que seguir os seus pasos e con axudas das institucións, poder levar adiante ese traballo de pescuda do por que de cada topónimo, que no caso de Ons, habería que ampliar tamén aos alcuños.

UNHA VODA MOI AUNIENSE

A principios do mes de xuño, celebrouse no Pazo de Santa Cruz en Bueu unha voda moi auniense. Unha das contraentes é de *Ons*, o nome posto ás mesas dos convidados estaban representadas por *topónimos aunienses*, entóouse e bailouse a “*Muiñeira de Ons*” e repartiron por mesa unha botella dese típico bebedizo (Made in <Pepiño de Checho> que para esta cerimonia non tivo reparo en dar a súa fórmula máxica) coñecido como “*Pichinaki*”.

Segundo contaron, todo foi un éxito e a diversión estivo garantida. Dende este minixornal os meus **PARABÉNS** ás contraentes e que sexan moi felices.



HABERÁ FESTAS PATRONAIS EN ONS NESTE 2024?

Xa van uns anos dende que a Comisión de Festas da Illa, formada por aunienses, sacara este cartel anunciador.

Son xa máis de catro anos que os veciños non forman unha Comisión que se encargue das Festas, tivo que ser por iniciativa de dous aunienses (*Manolito e Pepe de Miro*) e un auniense de adopción (*Maqui*), os que fixeron posible que estes últimos anos, houbera algo de música para bailar na noite do sábado e unha charanga e mariachis durante o domingo, sen esquecermos da correspondente misa e procesión.

Tamén colaboraron a Asociación de Veciños con homenaxes aos aunienses que fixeron posible as Festas nesta illa a través do tempo e unha mínima aportación do concello de Bueu coas chamadas Freguifestas, que xa neste pasado 2023 deixárona abandonada.

Xa estamos ás portas do verán, non escoitamos nada de que, por parte da veciñanza, se formara unha Comisión que se encargue das Festas Patronais e, os que ata agora intentaron que non desapareceran, non sabemos se poderán facelo este ano.

Sería imperdoable que Ons se quedara sen **Festas Patronais**, non poden deixar abandonadas a Santa Ana, a Virxe do Carme e a San Xoaquín, Patrón que moito axudou á veciñanza co berro de: “*A Illa é Nosa*” e no intre de “*A Illa en Loita*” para conseguir unha <cota veciñal> axustada ás necesidades dos aunienses.

Aínda hai tempo de formar unha **Comisión de Festas de Ons 2024!!!**



Últimos fareiros de Ons.

IDEAS SOBRE AS HOMENAXES DESTE ANO 2024

Dende hai uns anos, a Asociación Veciñal vén homenaxeando aos veciños que noutrora traballaron a prol das Festas de Ons e, á vez, tamén a persoas non veciñas que dedican esforzos a prol da cultura da Illa. Aínda que xa o toquei en anteriores Onstopus, vou de novo a dar unhas ideas para as homenaxes deste ano 2024. Coido que deberían escoller *a un auniense, dos xa falecidos* e que saiban que participou en varias Comisións de Festas de antano, e homenaxeándoo a el, como símbolo, se estean honrando a todos os aunienses falecidos e que traballaron a prol das Festas de Ons.

E, como homenaxe aos non aunienses, penso que este ano debería concederse a todos os *Fareiros* que pasaron pola Illa, pola dedicación que moitos deles tiveron a prol da veciñanza, sobre todo, en momentos difíciles.

Futuro Museo

FARO de ONS e

Biblioteca

*Como Centro de Investigación da
Cultura de Ons e demais Illas do
Parque Nacional.*

